

2. Dirección Xeral de Igualdade e Familias

2.1 Concepto xeral de familia numerosa

Enténdese por familia numerosa a integrada por un ou dous ascendientes con tres ou máis fillos, sexan ou non comúns. Equipásense a familia numerosa as familias constituídas por:

- a) Un ou dous ascendientes con dous fillos, sexan ou non comúns, sempre que polo menos un destes teña unha discapacidade ou estea incapacitado para traballar.
- b) Dous ascendientes, cando ambos presenten discapacidade, ou, polo menos, un deles tivese un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, ou estivesen incapacitados para traballar, con dous fillos, sexan ou non comúns.
- c) O pai ou a nai separados ou divorciados, con tres ou máis fillos, sexan ou non comúns, aínda que estean en distintas unidades familiares, sempre que se atopen baixo a súa dependencia económica, aínda que non vivan no domicilio conxugal.
- d) Dous ou máis irmáns orfos de pai e nai sometidos a tutela, acollemento ou garda que convivan co titor, acolledor ou guardador, pero non se achen ás súas expensas.
- e) Tres ou máis irmáns orfos de pai e nai, maiores de 18 anos, ou dous, se un deles ten discapacidade, que convivan e teñan unha dependencia económica entre eles.
- f) O pai ou a nai con dous fillos, cando falecese o outro proxenitor.

Considéranse ascendientes ao pai, á nai ou a ambos conxuntamente cando exista vínculo conxugal e, no seu caso, ao cónxuxe dun deles. Equipárase á condición de ascendiente a persoa ou persoas que, a falta dos anteriores, tivesen ao seu cargo a tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo dos fillos, sempre que estes convivan con ela ou elas e ás súas expensas. Terán a mesma consideración que os fillos as persoas sometidas a tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.

2.2 Axudas a partos múltiples ou procedentes de adopción múltiple

Axudas destinadas a pais dun mínimo de trillizos nados no mesmo parto ou de tres fillos ou fillas procedentes dun único procedemento de adopción con sentenza firme ou de garda legal ou, no seu caso, ser pais de dous fillos ou fillas nados no mesmo parto ou adoptados nun único procedemento de adopción con sentenza firme ou de garda legal, cando polo menos un dos menores presente unha discapacidade igual ou superior ao 33%. A estes efectos equipásense á condición de pais, os titores e quen teña legalmente ao seu cargo aos menores.

Esta axuda concederáse ata que os fillos e fillas nados de parto múltiple superen os doce anos de idade; en caso de adopción múltiple, ata que o máis pequeno dos menores adoptados supere esa mesma idade.